

5.3.- IDIOMA EN QUE LLE APRENDERON A ESCRIBIR

Idioma en que lle aprenderon a escribir segundo sector

A porcentaxe de alumnado ao que lle aprenderon a escribir en galego (4,83 %) é maior cá do PAS (1,39%) e o PDI (0,36%). Tamén é maior a porcentaxe do alumnado (25,73%) ao que lle aprenderon a escribir nas dúas linguas. Mentres o PDI (95,14%) e o PAS (92,61%) acadan as maiores porcentaxes de persoas ás que lle aprenderon a escribir en castelán, fronte ao alumnado (67,79 %).


En que lingua lle aprenderon a escribir?		Sector		
		Alumnado	PDI	PAS
Galego	<i>Reconto</i>	97	2	6
	% de sector	4,83	0,36	1,39
Castelán	<i>Reconto</i>	1362	528	401
	% de sector	67,79	95,14	92,61
As dúas	<i>Reconto</i>	517	14	20
	% de sector	25,73	2,52	4,62
Outras	<i>Reconto</i>	32	11	6
	% de sector	1,59	1,98	1,39
NS/NC	<i>Reconto</i>	1	0	0
	% de sector	0,05	0,00	0,00
Total	<i>Reconto</i>	2009	555	433
	% de sector	100,00	100,00	100,00

Comparativa de universidades

Alumnado

Se comparamos o alumnado das tres universidades segundo o galego como lingua en que lle aprenderon a escribir, o alumnado da Universidade da Coruña amosa a mellor porcentaxe cun 4,83%, seguido do alumnado de Santiago de Compostela (1,70%) e de Vigo (1,10%). No caso da aprendizaxe na escritura nas dúas linguas o alumnado da Coruña (25,73%) e Vigo (23,50%) contan coas mellores porcentaxes por riba dos/as alumnos/as de Santiago de Compostela (7,70%). De igual xeito que xa comentamos para a lectura, desde os anos 1995-1996 a situación cambiou na USC e UV, motivo polo que esta comparación hai que facela con reservas.

Comparativa de universidades. Sector alumnado. Lingua en que lle aprenderon a escribir			
	% UDC-04	% USC-95	% UV-96
Galego	4,83%	1,70%	1,10%
Castelán	67,79%	88,90%	73,90%
As dúas	25,73%	7,70%	23,50%
outras	1,59%	1,60%	1,20%
NS/NC	0,05%	0,00%	0,40%




PDI

As porcentaxes do persoal docente e investigador que aprendeu a escribir en galego é case testemuñal nas universidades da Coruña –0,36%– e Santiago de Compostela –0,40%–, mentres que na Universidade de Vigo non existe.

As porcentaxes do PDI que aprenderon nas dúas linguas é do 2,54% na Universidade da Coruña, do 2,80% en Vigo, e mínimo en Santiago de Compostela (0,20%).

O castelán como lingua de aprendizaxe na escritura dos PDI ten porcentaxes superiores ao 95% nas tres universidades.


Comparativa de universidades. Sector PDI. Lingua en que lle aprenderon a escribir			
	% UDC-04	% USC-95	% UV-96
Galego	0,36%	0,40%	0,00%
Castelán	95,14%	96,60%	95,50%
As dúas	2,54%	0,20%	2,80%
outras	1,98%	2,90%	0,80%
NS/NC	0,00%	0,00%	1,00%



PAS

O galego como lingua de aprendizaxe na escritura amosa valores baixos entre o persoal de administración e servizos nas tres universidades, aínda que é un pouco superior na USC ás de Vigo e UDC. Mellores porcentaxes, aínda que baixas, acadou o PAS que aprendeu a escribir nas dúas linguas: 4,62% o da Coruña, 5,40% o de Vigo e só un 0,80% o de Santiago de Compostela. O castelán segue a ser a lingua dominante na aprendizaxe da escritura con porcentaxe por riba do 90% nas tres universidades.

Comparativa de universidades. Sector PAS. Lingua en que lle aprenderon a escribir			
	% UDC-04	% USC-95	% UV-96
Galego	1,39%	2,70%	1,90%
Castelán	92,61%	94,70%	91,90%
As dúas	4,62%	0,80%	5,40%
Outras	1,39%	1,70%	0,40%
NS/NC	0,00%	0,00%	1,90%



Idioma en que aprenderon a escribir segundo as condicións sociais de existencia

O alumnado que amosa as mellores porcentaxes en canto á aprendizaxe da escritura en galego, é o que ten entre 17 e 20 anos, o que naceu nunha aldea, aquel que ten pais con estudos primarios ou primarios incompletos, e son labregos-gandeiros, o que concibe Galicia coma un país ou Nación-Estado, o que se considera só galego e o que pertence ao primeiro ciclo –as porcentaxes do que aprendeu a escribir en galego descenden no segundo ciclo, sen dúbida por mor do efecto xeracional–.

ALUMNADO: IDIOMA EN QUE APRENDERON A ESCRIBIR SEGUNDO AS CONDICIÓN S SOCIAIS DE EXISTENCIA

(Grao de significación: .05)

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Galego	Castelán	As dúas	Outras	NS/NC
Idade					
17 a 20 anos	6,56	64,70	27,56	1,18	
21 a 23 anos	4,39	65,43	28,53	1,51	0,14
24 a 25 anos	3,38	72,30	21,28	3,04	
26 a 29 anos	2,27	78,98	17,61	1,14	
Maiores de 29 anos	2,17	84,78	10,87	2,17	
Lugar de nacemento					
Cidade de Galicia	2,04	73,03	24,65	0,19	0,09
Vila de Galicia	6,44	62,29	31,26		
Aldea de Galicia	16,49	49,10	34,41		
Resto de España	0,68	84,25	10,96	4,11	
Fóra de España	1,16	61,63	9,30	27,91	
Anos que leva residindo en Galicia					
Primeiro ano		58,33		41,67	
Entre 1 e 5 anos		89,19		10,81	
Entre 6 e 10 anos	2,27	86,36	2,27	9,09	
11 e máis anos	1,36	72,11	21,09	5,44	
Estudos do pai					
Primarios incompletos	6,92	57,86	32,70	2,52	
G. escolar, EXB, B. elemental	6,29	65,24	27,47	1,00	
Secundaria, BUP, FP	3,92	68,92	25,12	2,04	
Universitarios	3,45	73,43	21,50	1,42	0,20
Ocupación do pai					
Empresario con empregados/as	2,30	67,43	27,30	2,96	
Autónomo	5,60	66,38	25,86	2,16	
Empregado con titulación	4,33	71,17	23,33	1,18	
Empregado sen titulación	6,94	64,35	27,99	0,72	
Labrego/gandeiro	21,62	43,24	32,43	2,70	
Ocupación da nai					
Empresaria con empregados/as	2,15	73,12	22,58	2,15	
Autónoma	5,04	64,03	28,06	2,88	
Empregada con titulación	3,59	71,71	22,31	2,39	
Empregada sen titulación	7,55	62,23	29,50	0,72	
Labrega/gandeira	16,33	59,18	22,45	2,04	
Ama de casa	3,17	69,70	26,03	0,96	0,14
Sector da actividade do pai					
Agricultura, gandaría, pesca	12,08	51,01	36,24	0,67	

Construcción	7,33	65,57	26,74	0,37	
Industria	5,24	65,94	28,17	0,66	
Servizos, comercio etc.	2,84	71,31	23,39	2,46	
Sector da actividade da nai					
Agricultura, gandaría, pesca	13,25	50,60	36,14		
Construcción	5,88	82,35	11,76		
Industria	7,55	61,32	30,19	0,94	
Servizos, comercio etc.	4,21	68,88	25,20	1,72	
Concepción de Galicia					
Rexión	3,77	69,87	22,59	3,77	
Autonomía	3,91	69,59	25,18	1,33	
País	8,24	61,54	29,67	0,55	
Nación-Estado	8,58	63,52	26,18	1,72	
Que se considera fundamentalmente?					
Só galego/a	16,74	54,63	28,19	0,44	
Máis galego/a que español/a	5,27	61,78	32,78	0,16	
Igual galego/a que español/a	2,55	70,92	25,64	0,89	
Máis español/a que galego/a	1,14	89,77	6,82	2,27	
Só español/a		89,61	6,49	3,90	
Outras	3,37	73,03	10,11	12,36	1,12
CURSO					
1º Ciclo	5,61	65,81	27,30	1,22	0,07
2º Ciclo	2,67	73,14	21,52	2,67	

O persoal docente e investigador que amosa as porcentaxes máis altas en galego como idioma de aprendizaxe na escritura é o que ten menos de 33 anos, que naceu nunha aldea galega, que é fillo de labregos ou traballadores da construción, e o que se considera só galego.

O PDI que ten mellores porcentaxes nas dúas linguas como aprendizaxe na escritura, constitúeno os menores de 33 anos, que naceron nunha aldea galega, fillos de pais labregos e empresarios con empregados e os que se consideran máis galegos que españois.

PDI: IDIOMA EN QUE APRENDERON A ESCRIBIR SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA

(Grao de significación: .05)

Condicións sociais de existencia	Galego	Castelán	As dúas	Outras
Idade				
Menores de 33 anos	1,02	87,76	10,20	1,02
Entre 33 e 43 anos	0,41	97,52	0,83	1,24
Maiores de 43 anos		95,81	0,93	3,26
Lugar de nacemento				
Cidade de Galicia		97,04	2,96	
Vila de Galicia		97,14	2,86	
Aldea de Galicia	4,44	88,89	6,67	
Resto de España		96,08		3,92
Fóra de España		79,41		20,59
Ocupación do pai				
Empresario con empregados/as		91,67	4,17	4,17
Autónomo		90,16	6,56	3,28
Empregado con titulación	0,45	96,83	1,36	1,36
Empregado sen titulación		96,49	2,63	0,88
Labrego/gandeiro	6,67	86,67	6,67	
Ocupación da nai				
Empresaria con empregados/as		85,71	14,29	
Autónoma		92,31	3,85	3,85
Empregada con titulación		97,96		2,04
Empregada sen titulación		91,67	2,78	5,56
Labrega/gandeira	5,56	83,33	5,56	5,56
Ama de casa	0,31	96,27	2,48	0,93
Sector da actividade do pai				
Agricultura, gandaría, pesca	2,00	88,00	6,00	4,00
Construción	1,82	96,36	1,82	
Industria		96,04	3,96	
Servizos, comercio etc.		95,73	1,83	2,44
Que se considera fundamentalmente?				
Só galego/a	2,78	94,44	2,78	
Máis galego/a que español/a		93,69	5,41	0,90
Igual galego/a que español/a	0,35	97,56	2,09	
Máis español/a que galego/a		100,00		
Só español/a		100,00		
Outros		85,51	1,45	13,04

Os membros do PAS que amosan as mellores porcentaxes na aprendizaxe da escritura *en galego* son os maiores de 33 anos, que naceron nunha aldea Galicia e fillos de labregos.

Os que aprenderon a escribir *nas dúas linguas* con maior probabilidade, son os menores de 33 anos, que naceron en aldeas ou en vilas, fillos de pais empresarios con empregados/as, dedicados á construción, e a súa categoría profesional é do grupo III.

PAS: IDIOMA EN QUE APRENDERON A ESCRIBIR SEGUNDO AS CONDICIÓNES SOCIAIS DE EXISTENCIA

(Grao de significación: .05)

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Galego	Castelán	As dúas	Outras
Idade				
Menores de 33 anos	0,99	84,16	12,87	1,98
33 a 43 anos	1,48	94,58	2,46	1,48
Maiores de 43 anos	1,85	97,22		0,93
Lugar de nacemento				
Cidade de Galicia	0,83	94,58	4,58	
Vila de Galicia	1,16	93,02	4,65	1,16
Aldea de Galicia	5,36	87,50	7,14	
Resto de España		91,43	2,86	5,71
Fóra de España		81,25		18,75
Ocupación da nai				
Empresaria con empregados/as		83,33	8,33	8,33
Autónoma		94,12		5,88
Empregadas con titulación		100,00		
Empregadas sen titulación		92,50	7,50	
Labrega/Gandeira	15,00	80,00	5,00	
Ama de casa	1,19	94,07	3,95	0,79
Sector da actividade do pai				
Agricultura, gandaría e/ou pesca	4,88	92,68	2,44	
Construción		87,50	7,50	5,00
Industria		96,39	2,41	1,20
Servizos, comercio etc.	0,47	94,88	3,72	0,93
Categoría profesional. Laborais				
Grupo I		91,67	4,17	4,17
Grupo II		85,19	11,11	3,70
Grupo III		81,25	16,67	2,08
Grupo IV-A		100,00		
Grupo IV-B		97,73	2,27	